

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de biomasa destinadas a particulares, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan estas subvencións para o ano 2022 (códigos de procedemento IN421N e IN421P)

Obxecto

Apoiar proxectos de biomasa promovidos polos particulares e as súas agrupacións e asociacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables.

Proxectos de biomasa que se subvencionaran

Estufas de aire, cociñas calefactoras, cambio de queimadores existentes que non sexan de biomasa, equipamentos térmicos que utilicen leña, hidroestufas ou insert/cheminea, caldeiras de pélets.

Contía da axuda

A contía da axuda será do 50 % do investimento elixible da instalación. A contía máxima por proxecto será de 60.000 €. Cada entidade colaboradora poderá solicitar un máximo de 300.000 € en proxectos con reserva de fondos.

Persoas beneficiarias

1. Persoas físicas titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade, non podendo estas disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Forma e prazo para presentar as solicitudes

As solicitudes de adhesión serán presentadas pola entidade colaboradora.

As solicitudes de subvención presentaranas as entidades colaboradoras.

Será obrigatorio a presentación por medios electrónicos para os dous procedementos, a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>).

Prazo de presentación de solicitudes

Para a **adhesión das entidades colaboradoras**: Desde o día 21 de xaneiro ata o 01 de xuño de 2022.

Para a **solicitud de subvención**: Desde o día 01 de marzo ata o día 01 de xullo de 2022 ou cando se esgoten os fondos

Prazo de execución das instalacións

O prazo de execución das instalacións iniciarase unha vez que se efectuase a solicitude de axuda ante esta entidade e rematará o 30 de setembro de 2022.

[Resolución DOG Martes, 18 de xaneiro de 2022 \(xunta.gal\)](#)